

## NOTA DE PRENSA

### SEMINARIOS HISTAGRA 2014

Xaneiro 2014

**Relatora:** Bibiana Martínez Álvarez (Bolseira FPI no Departamento de Antropoloxía da Universitat de Barcelona e Investigadora do Grupo d'Estudis sobre Reciprocitat)

**Título:** Tensións entre os distintos aspectos da sostibilidade económica, social e medioambiental: o caso das explotacións agropecuarias galegas

**Día:** 31 de xaneiro de 2014

**Hora:** 12 da mañá

**Lugar:** Aula de Máster do Departamento de Historia Contemporánea e América



O traballo que se presenta é parte da tese de doutoramento de Bibiana Martínez e céntrase no estudo de explotacións agropecuarias familiares produtoras de leite en Galicia, concretamente dentro do parque natural das Fragas do Eume. Pártese do particular de granxas familiares onde as relacións económicas que xeran determinadas contradicións dificultarían o proceso produtivo, incluso a propia supervivencia da explotación. Deste particular pasamos ao xeral porque a medida que se van analizando estas cuestións somos máis conscientes do rol estratéxico que ocupan a agricultura e a gandería na construción da economía de mercado e a política mundial. E que a sostibilidade é tamén un concepto fundamental nas políticas económicas tanto europeas como mundiais.



DEPARTAMENTO DE HISTORIA  
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA